



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 9/2023

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA TRINTA E UN DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

En Ordes, a trinta e un de xullo de dous mil vinte e tres.

Na Sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Extraordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- D. JOSE ANTONIO CABEZA FRAGA
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- D^a. ALBA VILARIÑO NOGAREDA
- D. PABLO VIDAL RÍOS
- D. AVELINO CANDAL FARIÑA
- D^a. MARIA VIEITES CALVO
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- D^a. MARIA MARTÍNEZ VIEITES
- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA
- D^a. NOELIA RIVADAS LÓPEZ

Non asiste:

- D. MANUEL ANTONIO VILLAVERDE REY

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que da fe do acto. Está presente na sesión D. Javier Siro Suárez Rodríguez, Interventor municipal.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás catorce horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procedéndose a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión extraordinaria de data 30 de xuño de 2023, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A acta da sesión extraordinaria de data 30 de xuño de 2023, resultou aprobada por maioría de quince votos a favor, coa abstención da Sra. Martínez Vieites, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Intervén o Sr. Alcalde, que da conta do Informe de Intervención municipal en cumprimento do art. 4 do R.D. 128/2018, de 16 de marzo, en relación co ar. 219 do R.D. Lei 2/2004, de 5 de marzo, informe de control financeiro mediante o exercicio de control permanente dos gastos e ingresos correspondentes ao exercicio económico 2022, nos termos que determina o art. 32 do R.D. 424/2017, de 28 de abril. Conclusión dunha serie de deficiencias que requiren de medidas correctoras a través dun plan de acción no que se recollan as medidas de corrección adoptar, así como o responsable e calendario para a súa implementación, que son as seguintes. Planificar a actividade contractual, efectuar as propostas de gastos correspondentes previa viabilización de obras, controlar a execución orzamentaria do capítulo un verificando o cumprimento das limitacións legalmente establecidas, evitar o número excesivo de programas de contratación de persoal a fin de satisfacer necesidades estruturais, na medida do posible que permita a normativa de aplicación vixente proceder a cubrir as necesidades de persoal do concello, seguir a tramitación interna nos expedientes de contratación menor, así como evitar a contratación de gastos sen a preceptiva cobertura contractual. Reiterar a necesidade de efectuar un plan estratéxico de subvencións, así como establecer unha serie de obxectivos que sexan concretos e medibles. Nos expedientes de subvencións limitar os pagos anticipados sen garantía, actualizar a ordenanza xeral de subvencións, controlar os prazos de tramitación, levar un seguimento da correcta xustificación das mesmas, así como verificar o cumprimento en prazo da presentación da aprobación das correspondentes contas xustificativas.

Os Srs. Concelleiros danse por decatados.

3. APROBACIÓN CONTA XERAL, EXERCICIO 2022.

Expediente instruído para a aprobación da Conta Xeral desta entidade local, correspondente ao exercicio 2022, rendida e formulada de acordo co disposto no art. 212 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e as regras 97 e seguintes da Instrución do modelo normal de contabilidade local, contendo así mesmo dita conta tódalas partes que se contemplan na mencionada Instrución de contabilidade, xustificándose mediante os documentos e libros de contabilidade que se establecen nesta (**Expdte. 2023/T017/000001**).

Visto o ditame favorable da Comisión Especial de Contas, de data 31/03/2023, e informe de intervención.

Visto que durante o período de exposición ó público da Conta Xeral mediante anuncio no BOP nº 67, de fecha 10/04/2023 e taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello non se formularon reclamacións algunha contra esta.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que é un documento informativo, é un trámite que están obrigados a facer todos os concellos, non teñen nada que obxectar.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que nesta conta xeral na documentación que se lle remitiu pódese comprobar como dende a intervención nos advirten que hai oito contratos vencidos no ano 2022. No informe de Alcaldía respostando un pouco ao informe de intervención escúdase en que durante o 2023 se regulariza a situación do guindastre municipal, pasándose a municipalizar este servizo, así como o contrato de asistencia técnico-urbanística, que foi licitada e se resolveu fai escasas datas. Levamos uns contratos vencidos xa fai varios anos e este goberno municipal é incapaz ou non lle interesa regularizar. Podemos destacar o caso de reclamación de danos, asesoramento xurídico, xestión da escola infantil, mantemento de alumeados públicos, recollidas do papel e cartón que vimos arrastrando ao longo de todos estes anos. A maiores temos que engadir que no remate do ano caducou o contrato de recollida de residuos sólidos urbanos e de limpeza viaria. Un contrato tamén nunha situación irregular cuxo importe non é para nada despreziable. En total no ano 2022 recibiron reparos por parte a intervención froito da caducidade destes contratos oitenta facturas por un importe total de 464.000,00 euros.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que non teñen nada máis que engadir.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que pouco máis que engadir, se non hai debate anunciar que o seu voto vai a ser o voto en contra desta conta xeral que nos presentan.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de nove votos a favor (9 grupo político PP), cinco votos en contra (grupo político BNG), coas abstencións (2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2022 nos termos e coa documentación que consta no expediente.

2º.- Render a Conta Xeral ao Tribunal de Contas desta Comunidade Autónoma, nos termos previstos no art. 223.2 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e na Regra 51.2 da Instrución do modelo normal de contabilidade local (Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro).

4. APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO MUNICIPAL, EJERCICIO 2023.

Expediente tramitado para a aprobación do Orzamento Municipal, formado para o exercicio de 2023 polo Alcalde-Presidente, cos documentos que preceptúan os arts. 165, 166 e 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e concordantes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e cumprimento do establecido no art. 193.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (**Expdte. 2023/T004/000002**).

Vistos o informe emitido pola Intervención e o ditame da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 25/04/2022, ambos en sentido favorable.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que antes de empezar quere matizar que dende a oposición careceron de tempo suficiente para analizar os orzamentos, aínda que contaron coa axuda do interventor. Tampouco dispoñer de toda a información que lles gustaría ter. Nun acto de responsabilidade adiantan que se van a abster. Queren matizar. En primeiro lugar, amosan o seu agrado vendo que o orzamento de asistencia social primaria sube con respecto ao 2022 nuns 7.700,00 euros. Con todo gustaríalles que esta cifra fose maior, é unha partida que contribúe a mellorar a calidade de vida de moitas familias e atender as necesidades de moitas persoas. Aínda que moitos destes servizos están mancomunados non estaría de máis realizar programas por conta propia xa que é moi necesario. Debemos ter en conta que Ordes é un concello rural, cun mercado envellecemento da poboación, polo que son precisos recursos para atender aos nosos maiores. Para o PSdeG a asistencia social primaria debería ser unha das áreas a priorizar dentro dos orzamentos anuais. En segundo lugar, consideran escaso o orzamento que se destina a feiras e o mercado de abastos, estes son un potencial motor económico do concello que se atopa infravalorado. Creen que sería o momento de destinar recursos para dinamizar a praza de abastos e investir nas feiras, posto que atraen persoas doutros municipios e repercute directamente na economía local. Desagrádalles ver que a partida deste ano é menor que a de 2022, na que se chegaba aos 7.700,00 euros, sendo a de agora de 4.800,00 euros. Por outra banda, temos unha partida desmesurada, destinada á realización de festas cun valor de 321.000,00 euros. Lembran que no ano 2022 se destinaron 159.000,00 euros e se gastaron 191.000,00 euros. Consideramos as festas un elemento importante para o ocio das persoas de Ordes. Sen embargo vemos como durante estes últimos anos a oferta nas festas é escasa, incluso monótona e carente de innovación, o que non contribúe á atracción de público, o que fai polo tanto que este gasto non teña un impacto significativo no comercio e na hostalería de Ordes. Creen que hai outras prioridades. Votan de menos un equilibrio entre a promoción deportiva e a promoción cultural, mentres que a primeira se destina un orzamento de 236.000,00 euros á segunda pertencelle so 67.000,00 euros. Esta cifra é inferior á do ano anterior que era de 97.000,00 euros. Non ven ningunha partida destinada á xuventude. Notan a falta de cubrir a praza de auxiliar de biblioteca despois de ter pasado por unha época na que foi deficitario o seu sistema de traballo. En instalacións deportiva prevese un gasto de 959.000,00 euros, parécelle un gasto elevadísimo tendo en conta que moitas das instalacións deportivas están inutilizadas e carecemos doutras como pistas de pádel ou tenis, polo que a veciñanza debe desprazarse a outros concellos colindantes, que a pesares de dispor de menor capacidade económica contan con elas. Gustaríalles ter información dunha contía de tal envergadura para saber exactamente para ver en que se vai a gastar o diñeiro, se se axusta ás necesidades reais. Observan que se prevé destinar á mellora do parque empresarial 150.000,00 euros, diñeiro que vai destinado exclusivamente a asfalto e cemento. Nun momento urxente como este necesitamos atraer empresas ao noso polígono e esta non é unha medida que contribúa a tal fin. Dende o PSdeG demandamos actuacións efectivas para a dinamización do parque empresarial de Merelle. Ven con bos ollos a rehabilitación do local social de Mesón do Vento, como vivenda de aluguer social, gustaríalles poder dispor do proxecto para poder facer unha análise máis detallada da súa rehabilitación. Chama a atención neste orzamento cando se investiron con anterioridade 44.000,00 euros en acondicionar a vivenda da Queirúa, na antiga sede da Cruz Vermella.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que para valorar o orzamento municipal previamente hai que facer unha análise da situación do concello para dirimir cales son os investimentos que considera necesarios para solucionar as eivas que poidan xurdir. Ordes segundo os datos da estatística é o único concello entre Ordes e Santiago a carón da N-550 que dende o ano 2015 perde poboación. O resto de concellos gañaron todos eles poboación. Culleredo subiu case 1.200 habitantes, Cambre 429 habitantes, Carral 469 habitantes e Oroso 150 habitantes, en Ordes perdermos 187 habitantes. En Ordes tamén temos 1.925 vivendas baleiras segundo estima o INE por intensidade de uso por consumo eléctrico. Empresas, dende o no 2015 ata os últimos dispoñibles no INE perdemos no camiño 64 empresas, das cales cinco era de 20 a 49 persoas asalariadas. Na agricultura pasamos no ano 2015 de 447 explotacións de gando bovino a 261 no ano 2022, quedaron no camiño 186.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

No tocante á débeda municipal o que recalcan sempre, hai po unha parte a débeda bancaria que son 362.000,00 euros ao remate do ano, e por outra banda a débeda a outras administracións públicas que ao remate do ano serán 2.100.000,00 á Deputación da Coruña e case 200.000,00 euros ao Estado pola devolución da PIE 2020. En total 2.695.000,00 euros. No tocante aos ingresos o que ven manifestando o BNG ao longo de todos estes anos. Se se comparan os dereitos recoñecidos netos, é dicir o que se recadou no ano 2015 por IBI rústica e urbana que foron 2.086.000,00 euros no 2023 estímase unha recadación 2.600.000,00 euros. En oito anos o importe de recadación subiu 514.000,00 euros. Xa falando de investimentos, analizando o que nos propoñen aquí. O itinerario ciclista a Pontraga-Guindiboo por 550.000,00 euros, Ordes pon o dez por cento 55.000,00 euros. Realmente imos gastar estes cartos nun carril bici dende Guinbioo á Pontraga, realmente creen que os ciclistas o van a utilizar cando se ve interrompido no seu trazado pola vía nova do tren, hai que deixar setenta metros a cada lado, tamén por un paso sobre o rego do Balado e chegando incluso a cambiar de marxe na estrada. O itinerario de mobilidade alternativa na DP-5903 de Ordes a Portomouro pasando por Pontechonia 1.484.000,00 euros. Se vemos o contido do proxecto unha beirarrúa de 2,80 qm dende o tanatorio do Balado ata a Pontraga. Valoran positivamente que se meta o abastecemento ao longo do seu trazado, pero encontrámonos que non se mete o saneamento co cal no día de mañá cando se queira meter hai que levantar de novo. Non entende por que se vai a executar a beirarrúa na vía de servizo existente no Empalme do Balado onde nun futuro entroncaría a rolda oeste para unir a AC-413 cara Carballo coa N-550, estanse a gastar cartos para despois ter que demoler o investimento efectuado na zona. Unha obra financiada con fondos adicados á transición xusta para paliar o peche, entre outras, da Central Térmica de Meirama. No seu día xa dende o BNG cuestionaron que dende o BNG non aproveitase esta oportunidade para formular investimentos orientados á creación de emprego, como si fixeron outros concellos na mesma convocatoria. Que se propuxese a creación de centros de emprendemento, talleres de carpintería, para a produción de mel de abellas, centros de formación, área de coworking, prantas de compostaxe para o tratamento de bioresiduos, viveiros de empresas. En Ordes atopámonos que o goberno municipal decidiu apostar por 2,08 qm de beirarrúas sen meter tubos de saneamento e sabendo que vai haber que levantar nun futuro. Rehabilitación do local social de Mesón do Vento, como apuntaba a compañeira do PSOE, 184.000,00 euros. Unha obra financiada cos mesmos fondo que no caso anterior, coa que a priori poderían estar de acordo, o problema é que logo a experiencia dinos que vostedes despois non queren que sexa utilizada, temos un exemplo moi claro na vivenda en Queirúa. O antigo local da Cruz Vermella foi obxecto de subvencións para transformalo en vivendas de alugueiro social e leva sen uso dende a súa rehabilitación. Repetimos que son fondos que poderían ser orientados a iniciativas para a creación de emprego, que no caso de Ordes non é así. A creación da Escola Infantil, si que ven necesario dispor en Ordes doutra escola infantil, pero non deste xeito. Ven un total erro e un despilfarro ter que demoler a antiga escola unitaria da rúa de Galicia e o parque infantil de Herminio Rial para a súa construción, lugares que foron obxecto no seu día de investimentos para o seu acondicionamento e que agora van se vai a gastar en meter a pala e tiralos. O lóxico entenden dende o BNG sería facela noutra parcela baleira ou como se propuxo naquel entón transformar o Centro Comarcal nunha Galiña Azul como se propuxo dende o BNG. Naquel entón se dixo que non tiña espazo suficiente para albergar a escola infantil e é un edificio de 1.000 m², cunha superficie moi superior ao edificio que se pretende construír agora. O abastecemento e saneamento no Canedo nos orzamentos do ano 2022 xa figuraba unha partida entorno a 58.000,00 euros e agora aparecen 66.250,00 euros para un proxecto dun investimento total de 624.000,00 euros, no anexo de investimentos non figura un convenio con outra administración, non sabe se é o caso este ano, se llo poden explicar, si vai a ser así ou se queda sen executar. Dende o BNG fixeron varias propostas para os orzamentos municipais que non foron atendidas, por exemplo o arranxo da pista principal de Buscás en varios tramos, a supresión da rúa que parte o campo da Feira en Mesón do Vento unificando a plataforma existente coa do parque, a extensión da rede de abastecemento municipal á parroquia de Parada, vai parte nese proxecto de beirarrúa de 2,8 qm., o resto da parroquia segue sen acceso a ese servizo público básico, transformar a parcela do karting no polígono de Merelle dotándoa de pistas de tenis, padel, cun ximnasio, dotación económica para



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

recuperar a parcela destinada a equipamento social no polígono de Merelle co gallo de dispor dos terreos precisos para dispor dun viveiro de empresas.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que revisando a documentación lle asaltan algunhas dúbidas sobre todo no que respecta á previsión de ingresos no concepto de taxas, prezos públicos e outros ingresos que vemos era de 1.980.000,00 euros, sabemos que os ingresos neste concepto durante o ano 2022 foron de 1.349.000,00 euros gustaríalles saber que tipo en conta para aumentar esta estimación. En canto á modernización dos sistemas escénicos e musicais da Casa da Cultura existe un orzamento de 85.200,00 euros, o que lles parece unha contía elevada tendo en conta que o edificio xa se reformou recentemente. Estaría ben saber a que se van a adicar estes cartos. Non entendemos unha partida 30.412,00 euros que vai destinada á corrección de impactos paisaxísticos no local social de Guindiboo, cal é obxecto de tal actuación, se llo poden explicar.

Intervén o Sr. Interventor, que sinala que no informe económico financeiro se explica cada unha das taxas. É todo unha estimación de ingresos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que se non hai debate. Explican que son uns orzamentos moi mellorables nos que existindo algunhas partidas coas que poderían coincidir creen que existen moitos cartos mal investidos e que non contribuirán a crear emprego nin a frear a perda de poboación que sufrimos. Calquera persoa que vai a dar unha volta polas rúas do noso concello verá que o que predomina son os baixos con carteis de inmobiliarias de aluguer ou venda. Esta é unha situación que entendemos que hai que actuar para intentar frear. Non ven de recibo que un pleno como o dos orzamentos sexa convocado un luns ás dúas da tarde, dificultando a conciliación e a asistencia do público. Tampouco lles parece normal nin axeitado que un goberno con maioría absoluta recorra a tramitar a aprobación dos orzamentos municipais practicamente en agosto, que entrarían en vigor no derradeiro trimestre do ano. Máis que uns orzamentos case que teríamos que estar a falar no día de hoxe dunha valoración económica posto que cando entre en vigor xa estaría moito del executado. Por todas estas cuestións manifestan e anuncian que van a emitir un voto en contra.

Intervén o Sr. Alcalde, que agradece as intervencións e o adiamento do seu voto. Abstención por parte do PSOE e voto en contra como non podía ser de outro xeito do BNG. Aclararlle diversas cuestións. A actuación na Casa da Cultura é unha subvención, que foi elaborada polos técnicos, a contía máxima da subvención ascende a 50.000,00 euros, incrementando a diferenza con fondos propios ata a cantidade que indicaba a Resolución de subvención. No auditorio da Casa da Cultura remata de facerse unha reforma importante do que é a infraestrutura en si, pero toda a parte de artes escénicas está sen completar. A día de hoxe para calquera actividade hai que montar megafonía, luces e demais, ben con medios municipais ou mediante do seu aluguer. Do que se trata é de dotar de todos eses equipamentos de artes escénicas á Casa da Cultura. A dotación é importante, que a necesitamos moitos para darlle máis dinamismo á Casa da Cultura. A actuación en Guindiboo é tamén outra liña de axudas da Xunta de Galicia, corresponde á liña 1 coa que se vai a facer a remodelación do local social de Guindiboo. Xa se está actuando sobre el, mellora da cuberta, sistema SAT e substitución de toda a carpintería que a día de hoxe está en moi mal estado. Coa liña 2 actuarase no Campo de fútbol de Vista Alegre polo noroeste que está en moi mal estado enfoscándose o ladrillo caravista. Xa se actuou o ano pasado mellorando o feísmo. Este ano vai a actuarse na mesma liña. O concello aporta o 30 %. En canto as necesidades sociais non teña ningunha dúbida de que en ningún momento se vai a deixar de aportar un so euro desde o concello, será en detrimento de calquera outra actuación e de investimento, para se hai unha necesidade en calquera familia ou persoa para que poida ser atendida dende os



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

servizos sociais. Dende o ano 2015 ata hoxe as cantidades se están a incrementar todos os anos. Se os servizos sociais están delegados na Mancomunidade non pode pretender que o Concello xere partidas paralelas. Cuestionábase o investimento do departamento de cultura, en festas e demais, así como o seu impacto. Calquera actividade que desenvolve o departamento de cultura deste municipio é mil veces máis beneficiosa para os veciños de Ordes que calquera das que montan os chiringuitos da Deputación nos últimos meses, iso é exclusivamente propaganda barata. Collan eses cartos e denllos á Rede Cultural que a van a desfrutar os veciños e deixen de montar eses chiringuitos baratos que son lamentables. Pídelle ás dúas formacións políticas que deixen de derivar parte do diñeiro para cultura e que poida ser manexado polos técnicos de cultura dos concellos e non sexan destinados a chiringuitos e asociacións paralelas que se financian a día de hoxe dende a Deputación Provincial, que é moito o diñeiro que se está a despilfarrar para que despois se veña aquí a cuestionar si beneficia ou non á comunidade o que se fai dende o departamento de cultura, que na inmensa maioría dos casos está perfectamente coordinado coa Asociación Movida Ordes, Asociación de Comerciantes e demais entidades municipais. A obra do parque empresarial, a Orde de subvención da Xunta de Galicia di en que se pode investir no parque empresarial. A día de hoxe hai que facer unha actuación prioritaria que é arranxar o vial principal en coordinación coa Xunta de Galicia, aportando o Concello o vinte por cento da súa financiación. É o estado que ten esa vía a día de hoxe, que aínda que está dentro do parque empresarial pertence á AC-408. Asinouse un convenio coa Xunta de Galicia para a súa reparación. A actuación pretende arranxar a principal arteria de comunicación do parque empresarial, despois de ter arranxado todas e cada unha das beirarrúas, teña unhas condicións óptimas para poder circular por elas. Non entende que se poida cuestionar esta actuación. Está moi ben pedir por ambas partes infraestruturas deportivas pero hai que partir da premisa básica, onde temos o solo coa dotación correspondente para poder facelo. Non sigan enganando á xente, aprobemos o PXOM e despois xa veremos os terreos que serán máis aproveitables. Ten claro que no parque empresarial non é a mellor situación. Se falamos cos deportistas deste municipio que realmente son os que fan uso delas diranlles o mesmo, por que é cos que hai que falar e non vir aquí con propostas e ocorrencias que ao final son pura demagogia política barata. Esa é a realidade que observan. Partamos do que necesitamos, aprobar o PXOM, ter solo dotacional nas parroquias e na Vila e a partir de aí vexamos onde vamos implantando cada unha delas. O teñen claro e veñen traballando nisto. O PXOM está previsto para conseguir isto. As actuacións do ITJ. O proxecto da vivenda social está feito polos técnicos que tiña que cumprir unha serie de requisitos que marcaba a Orde do ITJ. dende a súa opinión persoa parécelle un investimento importante nunha vivenda que exteriormente ten o aspecto de estar rematada. O investimento na vivenda da antiga sede da Cruz Vermella foi superior aos 44.000,00 euros. Unha cousa é a subvención e outra o investimento financiado con fondos propios. O investimento total puido estar entorno aos 100.000,00 euros. En Mesón do Vento fíxose no seu momento unha actuación co Obradoiro de Emprego no 2015 recuperándose a cuberta e o illamento exterior. A día de hoxe é un proxecto plantexado para facer unha vivenda de primeira calidade, que espera sexa aproveitada segundo a demanda. Se a día de hoxe a vivenda da antiga sede da Cruz Vermella dende servizos sociais tratouse con varias familias a súa utilización e non estiveron dispostas, non as podemos forzar, non teñen coche, parécelles moi lonxe, queren uns servizos máis preto. Na biblioteca municipal hai dúas persoas traballando, unha delas de baixa por enfermidade, a súa reforma laboral non permite contratar outra persoa de xeito inmediato. A día de hoxe hai unha persoa contratada a través do PEL da Deputación Provincial. En canto a todas e cada unha das aseveracións do BNG, hoxe pola mañá tomouse un tempo para imprimir a intervención do ano 2022 no debate dos orzamentos municipais e é practicamente un calco. Resulta curioso que o número de vivendas baleiras era un trinta por cento e este ano é dun vinte e seis con cinco. Algo melloramos. É de agradecer que poña algo positivo neste concello a favor deste goberno sen ter que dicir nada. Vostede di que perdemos poboación pero ten que fiarse un pouco da pirámide de poboación que manexan os técnicos municipais que levan o padrón e resulta que hoxe temos empadroados 12.795 veciños, gañaron veciños. Resulta curioso, defende que perdemos poboación. Estes son os datos das persoas que están nos concellos. PEDIUNOS HOXE POR QUE XA SE IMAXINABA POR ONDE ÍA VIR. FALA DO IBI É DI QUE AS PREVISIÓNS AUMENTAN. Mirou os datos de Carballo dereitos recoñecidos no



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ano 2018 5.116.000,00 euros, dereitos recoñecidos no ano 2019 5.066.000,00 euros, dereitos recoñecidos no ano 2020 5.604.000,00 euros. Altas de IBI urbano 500.000,00 euros. En Carballo se poden dar de alta as vivendas novas e en Ordes vostede sempre defendeu que non se podía, cando ao final se xeran ingresos que aumentan a recadación dos impostos municipais. Vendeuno moitas veces. En Carballo cobran 324.000,00 euros de plusvalía. Estes son os gobernos que lle baixan os impostos á xente. Quedan sempre en evidencia. Para pechar. O máis importante é dicirlle ao veciños o que sempre lles dixo. Son os do non. Se por vostedes fora no 2022 o concello non tería vehículo de guindastre, rematada a praza do Centro Sociocomunitario, actuación mellora da capa de rodaxe da pista de Blanca a Outeiro en Poulo, mellora dos accesos en Beán-Pereira-Vilamaior, mellora da capa de rodaxe en Mamoas, renovación ODT estrada Pumariño-Buscás, Ponte de Trillán, Ponte da Rúa, acondicionamento de infraestruturas viarias no polígono de Merelle, acondicionamento da pista da Grela e acceso a naves gandeiras, renovación de marquesiñas, múltiples pavimentacións en vías públicas, saneamento en Gouzón, Castiñeira de Altiboia. O abastecemento e saneamento no Canedo en Mesón do Vento explícallo unha vez máis. No poden consignar nos orzamentos unha partida que son dos orzamentos de Augas de Galicia, o Concello aporta o vinte por cento á Xunta de Galicia. O ano pasado consignouse a cantidade do proxecto inicial, neste ano adicionouse en sesenta mil euros esa cantidade ata chegar aos 624.000,00 euros que vai a custar a obra total. Está na fase de supervisión por Fomento. Está presentado en Augas de Galicia e se procederá seguidamente á formalización do convenio. Tamén se consigna unha parte do plan Hurbe da Humanización da rúa Víctor González Faya e rúa Mediodía que estaba pendente de transferir este ano. A obra vai a facerse, non pola súa demanda, a obra xa se ven xestionando dende o ano 2020. Tamén hai múltiples actuacións de auga potable, que tamén dixeron non o ano pasado. Integración colector residuos no Camiño Inglés. Actuacións en materia de xestión de residuos de competencia municipal. Melloras no punto limpo. Ampliación do cemiterio do Balado. Alumeados públicos nas Casillas e no Conde. Creación ruta sendeirismo rúa Cabrón. Adquisición rozadoras laterais co concello de Frades. Parques infantís Bailia, Leira, Beán. Acondicionamento Casa da Cultura. Corrección de impactos paisaxísticos no local social de Lesta. Dixeron que non. E no 2023 van a dicir que non en outras actuacións moi demandadas polos veciños. Dixeron que non cando a aprobación do Plan de Obras e Servizos. A única prioridade para vostede que repiten continuamente é a pista principal de Buscás que é a que en peor estado está de todo Buscás e de todo o termo municipal. Failles falta dar unha voltiña polos máis de 790 qm de pistas que temos neste municipio. A pista principal de Buscás nun determinado momento é certo que necesite que se lle poña en determinadas zonas unha nova capa de rodaxe. Pero non é unha prioridade unha pista que está feita en aglomerado no ano 2010-2011 para que a día de hoxe se teña que actuar sobre ela. Non ve que faga referencia a ningunha outra. Cando queira a imos a ver. Acaba de ser rebacheada. Temos outras pistas con máis falta e necesidade. Este é un documento, o proxecto que se presentou conforme indican as memorias de alcaldía e a memoria de intervención, así como o resto dos documentos que o conforman. Partimos un ano mais da premisa, prioridade de continuar a mellorar as partidas do gasto social que se xestionan dende a mancomunidade, e a vez estamos ante un documento contable con un marcado carácter inversor para o exercicio 2023, o mais alto nos derradeiros doce anos, 4,82 millóns de euros, en aras de mellorar a calidade de vida e os servizos dos veciños da Vila e das parroquias. Se entre esas actuacións está a posibilidade de crear un carril bici dende Guindiboo hasta a Pontraga, que se colle os criterios da Orde da FEMP á cal se e acolle o concello cun 90% de financiación. Se equivoca, temos os informes favorables de ADIF no hai que deixar acortada esa zona por onde pasa o actual trazado. Non ten ningún problema con Augas de Galicia na ubicación onde pasa polo regato, hai un informe a día de hoxe. Unha cousa é o proxecto e outros os informes sectoriais a posteriori. Espera que se poida conseguir esta obra e a poidan desfrutar igual que a da DP-5903, que está dentro das liñas do ITJ polo peche da Central Térmica de Meirama. Para as iniciativas de emprego tamén presentaron un proxecto de viveiros de empresas e non llo puntuaron, tampouco a Cerceda. Claro que van a levar a rede de abastecemento principal cara Parada, a partir de aí xa se irá vendo como se fan o resto dos ramais, iso non significa que haxa que levantar toda a beirarrúa para levantar todo o saneamento en toda esa traza por que parte dela xa ten saneamento. Os técnicos de Espina y Delfín e da asistencia técnica urbanística buscaron solución para non ter



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

que romper a beirarrúa. Exactamente igual no entronque do Empalme que está contemplado cando se monte a rotonda por onde ten que saír, entrar e darlle continuidade á senda. Trabállase na realidade deste concello e na mellor maneira posible. Recóllense a súa vez os créditos para atender os contratos de servizos vixentes. así como as licitacións en tramitación para os vencidos, que os hai como noutros concellos. Non se da feito máis, non pode estar dicíndolle continuamente aos técnicos o que teñen que facer en relación aos contratos vencidos. Pode asegurarlle que insiste continuamente en que se traten de regularizar. Obrigas con outras administracións, como o caso referido da mancomunidade, e crédito para todas e cada unha das subvencións nominativas comprometidas, ás que o BNG dirá non. S.D. Club Ordes, A.C. Ordes, Asociación Deportiva de Taekwondistas Comarca de Ordes, Club Patinaxe Galia, Club S.D. Santa Cruz de Montaos, Jogafán Ordes, F.S., A.D. Vila de Ordes, Club Seo, todas elas para actividades deportivas. A.A.V.V. de Protección Civil de Ordes, Cruz Vermella, Asociación Cultural de Festexos da Vila de Ordes, Asociación de Comerciantes de Ordes (CCA Ordes), e incorpóranse por vez primeira neste ano 2023 a estas axudas: K2-Ordes, Club Natación Ordes, Club Tennis Ordes e o Club Billar Ordes, cada un cunha aportación nominativa de 1.800,00 euros para as súas actividades deportivas. Como xa quedou exposto, a aposta é firme pola inversión real, acadan neste momento o importe de 4.822.562,92 €, o 33,91% do total para atender actuacións como nomeou e as que vostedes dixeron e seguirán dicindo sempre non. Inclúense polo tanto variadas actuacións exclusivas con fondos propios e todas aquelas derivadas de fondos obtidos de outras axudas ou subvencións que compre cofinanciar e inclúense tamén os créditos coa actualización de prezos necesaria, para poder atender o mantemento e limpeza das vías públicas municipais. Á débeda bancaria a 31/12/2023 situarase en 362.375 euros. Non podemos obviar que son numerosas as necesidades do concello e as que nos piden ou plantexan os nosos veciños, polo que a vista dos recursos dispoñibles vémonos cada anualidade obrigados a ir priorizando as accións con base na folla de ruta que decide o goberno local, e así seguirá a ser coa inminente entrada en vigor do PXOM este mesmo ano, procurando sempre atender os investimentos necesarios e prioritarios que vaian xurdindo e as sucesivas necesidades que se non van trasladando. case todas elas xa forman parte do programa electoral 2023/27 que nos dou unha nova maioría absoluta o pasado 28 de maio, e polo tanto é a nosa obriga tratar de dar cumprimento ao mesmo. Tal e como indiquei sempre, nas intervencións do debate da aprobación inicial dos orzamentos municipais de calquera exercicio pasado, seguimos e continuaremos a seguir a nosa liña de traballo. Poderalles gustar mais ou menos a oposición o proxecto orzamentario e a nos maneira de gobernar, pero nós xestionamos traballando, e o mais importante, traballamos para cumprir o que dicimos.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría absoluta de nove votos a favor (9 grupo político PP), cinco votos en contra (grupo político BNG), e coas abstencións (2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal para o exercicio de 2023, que ascende en GASTOS como en INGRESOS á cantidade de **EUROS CATORCE MILLÓNS DOUSCENTOS DEZANOVE MIL OITOCENTOS NOVENTA E CINCO CON DEZ (14.219.895,10 €)**, asignando a cada un dos capítulos os seguintes importes:

ORZAMENTO DE INGRESOS. RESUME POR CAPÍTULOS

CAPITULO	IMPORTE
Capítulo 1	3.384.628,73
Capítulo 2	100.000,00
Capítulo 3	1.980.693,76
Capítulo 4	4.976.530,67
Capítulo 5	139.381,70



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Total correntes	10.581.234,86
Capítulo 6	0,00
Capítulo 7	3.630.306,76
Total capital	3.630.306,76
Total non financeiros	14.211.541,62
Capítulo 8	0,00
Capítulo 9	8.353,48
Total financeiros	8.353,48
TOTAL ORZAMENTOS	14.219.895,10

ORZAMENTO DE GASTOS. RESUME POR CAPÍTULOS

CAPÍTULO	IMPORTE
Capítulo 1	3.968.503,13
Capítulo 2	4.367.535,17
Capítulo 3	14.593,36
Capítulo 4	965.100,00
Capítulo 5	0,00
Total correntes	9.315.731,66
Capítulo 6	4.685.620,99
Capítulo 7	136.941,93
Total capital	4.822.562,92
Total non financeiros	14.138.294,58
Capítulo 8	0,00
Capítulo 9	81.600,52
Total financeiros	81.600,52
TOTAL ORZAMENTOS	14.219.895,10

(*) No acordo de aprobación inicial enténdense incluídos todas as modificacións e axustes efectuados nos orzamentos prorrogados, salvo a incorporación de remanentes e os suplementos de crédito aprobados.

2º.- Aprobar, igualmente, as Bases de Execución de dito Presuposto.

3º.- Aprobar, así mesmo, de acordo co disposto no art. 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, o cadro de persoal, comprensiva de tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual.

4º.- Que se expoña ó público por prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no art. 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

5º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, xunto co cadro de persoal e a relación de postos de traballo, segundo dispoñen os arts. 127 do Real



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril e 169.3 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo; e noutro caso procederá de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

6º.- Que de conformidade co número 4 do mesmo artigo, remítase copia do referido Presuposto á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás quince horas e nove minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias